



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

METEOGALICIA

Informe climatolóxico

Mes de outubro 2009

INFORME CLIMATOLÓXICO

MES DE OUTUBRO 2009



1.- Resumo

Mes moi cálido con cantidades de chuvia moi próximas ás normais.

O mes de outubro caracterizouse por dous períodos anticiclónicos e dúas etapas máis inestables, que deixaron abondosas choivas. Estas etapas inestables estiveron dominadas por ventos de compoñente sur, o que explica que as temperaturas do mes sexan altas en xeral. As primeiras dúas xornadas do mes estiveron caracterizadas polas altas presións dos últimos días de setembro, e polo tanto a característica foi o tempo seco, soleado e con altas temperaturas. Sen embargo, a partir do día 3 unha borrasca que estivera estacionaria nos Azores comezou a afectar a Galicia. As características desta borrasca foron algo peculiares, posto que aínda que se formara, como é habitual, na fronteira entre o aire frío dos polos e o aire cálido subtropical, estivo illada durante varias xornadas sobre augas relativamente quentes e isto conferiulle algunhas características tropicais. De feito no seu interior formouse a tormenta tropical Grace, que non afectou a Galicia. O que si lle afectou foi a inestabilidade, que deixou importantes cantidades de chuvia entre o día 3 e o día 8. Estas chuvias foron particularmente notables e xeneralizadas durante a tarde do día 5. En todo o período as temperaturas mantivéronse altas, superando sen problemas os 20°C durante o día. A partir do día 9 a situación tornouse anticiclónica e as altas presións mantivéronse estacionarias ata o 18, deixando polo tanto 10 días de tempo estable, seco e soleado. As temperaturas diúrnas neste período foron altas, con valores próximos ós 30°C no medio do episodio, pero as nocturnas foron baixando e incluso tivemos algún episodio de xeadas nas áreas de montaña do interior. Polo tanto o período estivo caracterizado en canto á temperatura pola gran oscilación térmica. A partir do 19 vivimos unha nova borrasca que se estendeu ata o 25, con tempo caracterizado pola alta humidade, temperaturas suaves e choivas persistentes. Por fin os últimos 6 días un novo anticiclón estableceuse ó norte da península Ibérica, deixando altas temperaturas, que repuntaron na xornada do 29 ata rozar os 30°C de temperatura máxima.

Temperaturas:

As temperaturas foron en xeral moi altas na media do mes, tanto nos valores mínimos como nos máximos. A anomalía de temperaturas atópase entre os 2°C e 3°C con respecto dos valores normais. A explicación deste anómalo comportamento atopámolo nos dous períodos anticiclónicos que ocuparon a metade do mes, con altas temperaturas durante o día e incluso no segundo período anticiclónico tamén pola noite. Ademais os períodos de chuvia viñeron acompañados por ventos de compoñente sur e masas de aire cálidas que deixaban tamén temperaturas suaves.

Chuvias:

As chuvias estiveron nos valores normais ou incluso por riba destes valores. Os dous períodos de borrasca foron moi activos, e aínda que en xeral o número de días de chuvia estivo por debaixo do esperado as chuvias tiveron un carácter torrencial en determinados momentos dos dous episodios de borrasca.



2.- Táboas de datos

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras (CMATI) (CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET, e Lourizán, da CMATI), no período 1973-2003.

O valor climático corresponde co promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou l/m²).

O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

CIS FERROL

	OUTUBRO 2009	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	17.5	15.7	18.4 (1997)	12.6 (1974)
Tª mínima media	14.6	12.7	15.3 (1997)	10.2 (1974)
Tª mínima absoluta	9.5 (día 19)	6.0 (18,19/10/1992)		
Tª máxima media	21.6	18.7	21.5 (1997)	15.0 (1974)
Tª máxima absoluta	28.7 (día 28)	28.0 (6/10/1978; 22/10/1996)		
Precipitación acumulada	128	92-114	286 (1987)	18 (1978)
Días de chuvia (≥1mm)	13	13	22 (1990)	4 (1978;85)

Comentario:

Mes moi cálido en xeral en canto as temperaturas media, mínima e máxima superándose en todas elas ó redor de 2°C con respecto ó valor climático agardado.

En canto a precipitación o mes considérase húmido. O número de días de chuvia pode considerarse normal.



SANTIAGO

	OUTUBRO 2009	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	16.2	14.8	17.4 (1997)	12.3 (1992)
Tª mínima media	13.0	10.6	13.2 (1997)	8.5 (1992)
Tª mínima absoluta	6.8 (día 17)	-0.5 (18/10/1992)		
Tª máxima media	20.8	19.0	22.2 (1989)	16.0 (1992)
Tª máxima absoluta	26.2 (día 14)	30.6 (03/10/1997)		
Precipitación acumulada	187	164-211	604 (1987)	40 (1986)
Días de chuvia (≥1mm)	13	15	23 (1987)	5 (1986)

Comentario:

Mes moi cálido no que respecta ás temperaturas media, máxima e mínima con máis de 2°C^ariba do valor agardado nas temperaturas mínimas.

O valor rexistrado de precipitación está dentro dos rangos normais, aínda que o número de días de chuvia foron lixeiramente inferiores ó agardado.

* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982.

** hai que ter en conta que os valores climáticos cos que se comparan os datos desta estación foron obtidos cun período máis cálido que o do resto dos casos (1973-2003)

LUGO

	OUTUBRO 2009	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	14.7	13.1	15.4 (1994)	9.3 (1974)
Tª mínima media	10.2	8.6	10.8 (1994)	5.5 (1974)
Tª mínima absoluta	-0.2 (día 17)	-2.0 (19/10/1980)		
Tª máxima media	21.0	17.5	21.2 (1985)	13.2 (1974)
Tª máxima absoluta	25.7 (día 28)	30.0 (13/10/1985)		
Precipitación acumulada	107	102-123	367 (1987)	10 (1985)
Días de chuvia (≥1mm)	11	13	24 (1987)	2 (1985)

Comentario:

Mes moi cálido en xeral tendo en conta as temperaturas, máxima, mínima e media se ben destaca a temperatura máxima media con máis de 3°C por riba do agardado.

En canto a precipitación o mes pode considerarse normal, o número de días de chuvia é lixeiramente inferior ó agardado.



PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	OUTUBRO 2009	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	17.2	15.1	17.8 (1989)	11.6 (1974)
Tª mínima media	13.6	10.2	12.9 (1997)	6.7 (1974)
Tª mínima absoluta	8.4 (día 16)	1.2 (31/10/1974)		
Tª máxima media	22.4	20.0	23.8 (1989)	16.4 (1974)
Tª máxima absoluta	29.7 (día 12)	31.2 (07/10/1989)		
Precipitación acumulada	205	164-210	596 (1987)	24 (1974)
Días de chuvia (≥1mm)	12	13	24 (1987)	3 (1985)

Comentario:

Tendo en conta as temperaturas máxima, mínima e media o mes considérase moi cálido destacando a temperatura mínima con máis de 3°C por riba do valor agardado.

A precipitación acumulada está dentro do rango normal e o número de días de chuvia é lixeiramente inferior o agardado.

OURENSE

	OUTUBRO 2009	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	17.0	15.2	18.1 (1997)	11.6 (1974)
Tª mínima media	12.4	9.4	12.5 (1981)	4.9 (1974)
Tª mínima absoluta	5.1 (día 19)	-2.0 (31/10/1974)		
Tª máxima media	23.2	20.9	24.7 (1985; 1995)	17.8 (1987)
Tª máxima absoluta	28.2 (día 1)	33.0 (3/10/1983)		
Precipitación acumulada	157	75-91	301 (1987)	5.0 (1974)
Días de chuvia (≥1mm)	10	10	24 (1987)	2 (1974)

Comentario:


Mes moi cálido en canto ás temperaturas máxima, mínima e media con máis de 2°C por riba do agardado.

A precipitación acumulada é moi superior ó agardado polo que o mes considérase moi húmido. O número de días de chuvia considérase normal.




3.- Mapas

3.1.- Anomalías de presión en superficie






3.2.- Anomalías de xeopotencial a 500 hPa





3.3.- Temperatura media das máximas




Tmáx – 10/2009

www.meteogalicia.es



3.4.- Temperatura media das mínimas



T_{min} -- 10/2009

www.meteogalicia.es

